Sello de Órgano de Secretaría (1 para 1)
CONCELLO DE AGOLADA
Data de Sinatura: 29/08/2022
HASH: 88cfcfd3a4b5cfbf4afc4a8a6f96b913

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
352/2022	O Pleno	23/08/2022

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 352/2022. CONVENIOS (APROBACIÓN, MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN)		
Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0	
	A favor	LUIS CALVO MIGUELEZ Marcos Galego Amor Mónica Jacobo Torres Oscar Val García Pedro García Casares
	En contra	---
	Abstencións	Paula Crespo Mazás Rafael Méndez Guerra Santiago Castro Fernández
	Ausentes	---

RESOLUCIÓN

Toma a palabra o Alcalde-Presidente para expoñer a seguinte:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

-

Procedemento: Aprobación dun convenio interadministrativo.

Expediente número: 352/2022

Asunto: Proposta da Alcaldía relativa á aprobación de convenio da Deputación Provincial de Pontevedra co Concello de Agolada para a transmisión da titularidade a favor do Concello de Agolada de 47 pendellos do recinto da feira antiga de Agolada.

Logo de ver que o Concello de Agolada a través de escrito de data 23 de marzo de 2022, e memoria complementaria de data 5 de abril de 2022, solicitou a cesión en propiedade dos 47 pendellos propiedade da Deputación Provincial de Pontevedra, abicados no antigo recinto feiral de Agolada, co

Cod. Validación: AFY3LTN7M5S7LQ42F5GCJZE9S | Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 3

obxecto de obter unha maior rapidez na súa intervención e utilización para destinalos a distintos fins de utilidade pública.

En data 8 de xuño de 2022 con Rexistro de Entrada do Concello de Agolada nº 2022-E-RC-1154 recíbese por parte da Deputación Provincial de Pontevedra “Proxecto de convenio, entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Agolada, para formalizar a transmisión da titularidade de corenta e sete pendellos, abicados no antigo recinto feiral de Agolada, a favor do Concello”.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas á alcaldía polo artigo 124.4 da LBRL en relación co patrimonio municipal,

PROPOÑO

PRIMEIRO. Aprobar o texto definitivo do Convenio descrito nos antecedentes.

SEGUNDO. Designar a Don Luis Calvo Miguélez como representante do Concello de Agolada para a realización dos trámites administrativos oportunos.

TERCEIRO. Notificarlle o presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra aos efectos de que se asine o Convenio arriba referenciado.

CUARTO Remitir electrónicamente copia do convenio, acompañada da correspondente memoria xustificativa, ó Rexistro Telemático do Tribunal de Contas."

Toma a palabra Santiago Castro Fernández para preguntar canto lle vai costar ó Concello o rexistro da totalidade dos Pendellos, se se van desviar fondos dalgunha partida orzamentaria, se hai algún plan económico que o respalde, qué inversión e qué plans de actividades haberá nos pendellos e cal é o motivo de adquirir os pendellos xa que a Deputación Provincial de Pontevedra nunca tivo problema en financiar os arranxos dos mesmos.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente para responder que se como se sinala a Deputación Provincial de Pontevedra daba axudas para arranxar os pendellos, quá actuacións se fixeron con esas axudas, xa que o actual equipo de goberno tivo que apuntalar algúns deles e arranxalos con fondos propios.

O Alcalde-Presidente chama ó orde por vez primeira a Santiago Castro Fernández.

O Alcalde-Presidente chama ó orde por vez primeira Paula Crespo Mazás.

Cod. Validación: AFY3LTN7M5S7LQ42F5GCJZE9S | Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 3

O Alcalde-Presidente solicita que conste en acta que se gana as elecións o Partido Popular, entregarase o bastón de mando por parte do actual equipo de goberno.

O Alcalde-Presidente chama ó orde por vez segunda a Paula Crespo Mazás.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente para sinalar que cos pendellos faranse as actuacións que mellor lle parezcan ó actual equipo de goberno.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: AFY3LTN7M5S7LQ42F5GCJZE9S | Corrección: https://agolada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3